

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O SERVIZO GALEGO DE SAÚDE E O CONCELLO DE VILAGARCÍA PARA A EXECUCIÓN DAS OBRAS DE CONSTRUCCIÓN DUN NOVO CENTRO DE SAÚDE NO CONCELLO DE VILAGARCÍA DE AROUSA

Vilagarcía de Arousa, 14 de xaneiro de 2022

REUNIDOS

Dunha parte, **D. Julio García Comesaña**, conselleiro de Sanidade e presidente do Servizo Galego de Saúde, organismo autónomo adscrito a dita consellería, actuado en nome e representación deste último, no exercicio das facultades que lle veñen atribuídas no artigo 34 da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, de normas reguladoras da Xunta e da súa Presidencia, e de conformidade co establecido no Decreto 137/2019, do 10 de outubro, polo que se establece a estrutura orgánica do Servizo Galego de Saúde, na Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, así como na Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público.


E doutra parte, **D. Alberto Varela Paz**, actuando en nome e representación do Concello de Vilagarcía de Arousa, en virtude da súa condición de alcalde-presidente da citada corporación, segundo o disposto no artigo 21 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local (LRBRL), 61.1 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de administración local de Galicia (LALGA) e o artigo 41.1 do Real decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais.

As partes intervinientes recoñécense capacidade legal para outorgar o presente convenio, e para estes efectos,

EXPOÑEN

I. O artigo 1 do Decreto 136/2019, do 10 de outubro, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Sanidade, determina que esta é o órgano da Administración autonómica responsable da superior dirección e control da execución da política da Xunta de Galicia en materia de saúde, planificación e asistencia sanitaria e farmacéutica, así como o exercicio das competencias da Xunta de Galicia para asegurar á cidadanía o dereito á protección da saúde.

O Decreto 137/2019, do 10 de outubro, polo que se establece a estrutura orgánica do Servizo



Galego de Saúde, determina que este é o organismo autónomo de natureza administrativa adscrito á Consellería de Sanidade, configurado para o axeitado desenvolvemento das competencias que no ámbito sanitario lle corresponden á Comunidade Autónoma de Galicia.

II. Tanto a LRBRL, como a LALGA e a Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público, recollen ao longo do seu articulado o principio xeral de colaboración.

III. De conformidade co establecido no artigo 47 e seguintes da Lei 40/2015, do 1 de outubro, e o artigo 55 e) da LRBRL, as administracións públicas prestaranse, no ámbito propio, a cooperación e asistencia activas que poidan precisar para o eficaz cumprimento das súas tarefas.


IV. A Constitución recolle no artigo 103 que a Administración debe actuar de acordo, entre outros, cos principios de eficacia e coordinación. Nesa liña, todas as administracións públicas deben impulsar medidas relativas á xestión eficaz e eficiente dos recursos dispoñibles, co obxecto de poder continuar prestando ou prestar os servizos á cidadanía en condicións de calidade que satisfagan as súas necesidades, sendo preciso minimizar custos e xestionar de forma compartida nas actuacións públicas. A prestación dos servizos públicos, o seu fomento e a promoción das actividades esixe un elevado custo, tanto de instalación e adquisición coma de funcionamento e xestión, que fai necesaria a colaboración entre distintas administracións coa finalidade de poder prestar aos cidadáns unha actividade e un servizo que na actualidade se considera imprescindible como medio de mellora nas relacións cos mesmos.

V. Neste senso, é preciso optimizar os recursos económicos das administracións públicas mediante formulas innovadoras que permitan a xestión compartida na prestación dos servizos públicos que, neste caso, se concreta no presente convenio de colaboración.

VI. A fin de dar unha mellor resposta aos problemas de saúde da poboación, mediante actuacións que permitan mellorar as dotacións e infraestruturas adicadas á atención asistencial á cidadanía no Concello de Vilagarcía de Arousa, faise necesario construír un novo centro de saúde.

VII. Conscientes da dita necesidade, con data 30 de xullo de 2021, asinouse un protocolo de colaboración entre o Servizo Galego de Saúde, o Concello de Vilagarcía de Arousa e a Autoridade Portuaria de Vilagarcía de Arousa, para a execución das obras de construción dun novo centro de saúde no Concello de Vilagarcía de Arousa, no que se recollen os compromisos que asume cada unha das partes.

VIII. A fin de levar adiante as citadas obras de construción no Concello de referencia, é necesario a concorrencia de medios e achegas de ambas as dúas partes interesadas, polo que é preciso determinar o contido da dita colaboración.



Á vista do anterior, as partes asinantes acordan outorgar o presente convenio de colaboración de acordo coas seguintes

CLÁUSULAS

Primeira. Obxecto


O obxecto do presente convenio é establecer a colaboración entre o Servizo Galego de Saúde e o Concello de Vilagarcía de Arousa para a construción dun novo centro de saúde no concello.

As necesidades actuais do Plan Funcional aprobado polo Servizo Galego de Saúde para o novo centro de saúde requiren 5.224 m², o que corresponden cunha edificabilidade mínima de 5.500 m².

Tal e como se recolle no Protocolo de colaboración asinado o 30 de xullo de 2021, o centro de saúde construírase na parcela con referencia catastral 9168009NH1196N001RO na que se atopa un edificio que tivo como destino a Comandancia da Mariña e que neste intre se atopa en desuso, sobre a que a Autoridade Portuaria de Vilagarcía de Arousa, como propietaria da mesma, realizará unha concesión demanial a favor do Concello de Vilagarcía de Arousa por un período de 50 anos, cunha posterior compra por parte do Concello unha vez se desafecta e por último a cesión gratuíta ao Servizo Galego de Saúde

Segunda. Obrigas do concello de Vilagarcía de Arousa

1. O Concello de Vilagarcía de Arousa deberá aportar unha certificación urbanística da parcela na que se construírá o novo centro de saúde así como plano topográfico con indicación das servidumes e puntos de acometida das instalacións.
2. O Concello de Vilagarcía de Arousa comprométese ao pago do canon pola utilización da parcela, que irá destinada a centro de saúde. No caso de que a parcela fose desafecta con anterioridade ao vencemento do prazo de 50 anos, comprométese a realizar a compra da parcela e a cedela gratuitamente ao Servizo Galego de Saúde para destinala a centro de saúde.
3. Comprométese a realizar todos os trámites patrimoniais e urbanísticos que sexan necesarios a fin de posibilitar, no seu caso a cesión patrimonial gratuíta ao Servizo Galego de Saúde da citada parcela. A parcela deberá cederse, no seu caso, libre de cargas e gravames, sen ningunha reserva, coa clasificación de sistema xeral de equipamento público e comprométese a obter os permisos e autorizacións que foran necesarios para executar as obras de construción do novo centro.



En concreto o convenio desenrólase nas seguintes fases ata cesión patrimonial da parcela ao Servizo Galego de Saúde

1º- Pago de Canon:

- O Concello pagará un canon a Autorizada Portuaria para a utilización da parcela da antiga Comandancia da Mariña.
- O Concello farase cargo do derribo do actual edificio situado na parcela.
- Nese terreo o Servizo Galego de Saúde construíra o Novo Centro de Saúde.
- Documentación a entregar polo concello: *Acordo da Autoridade Portuaria de Vilagarcía de Arousa autorizando ao Concello a utilización da parcela así como a demolición da edificación existente na parcela, para que posteriormente o Servizo Galego de Saúde constrúa un novo edificio con destino a Centro de Saúde.*

2º- Compra da parcela:


- O Concello comprará a parcela a Autoridade Portuaria cando legalmente se poda.
- Documentación a entregar polo Concello: Escritura de compra a Autoridade Portuaria

3º- Cesión gratuíta da parcela:

- Cando o Concello teña inscrita ao seu nome no rexistro da propiedade, procederá a cesión gratuíta libre de cargas ao Servizo Galego de Saúde
- Documentación a entregar polo Concello:

- a) Certificación do Acordo do Pleno da corporación municipal cedendo ó Servizo Galego de Saúde a parcela, indicando referencia catastral.
- b) Certificación do cumprimento do establecido nos artigos 109 e 110 do Real decreto 1372/1986 do 13 de xuño, polo que se aproba o Regulamento de bens das entidades locais.
- c) Certificación do rexistro da propiedade de titularidade e situación de cargas e gravames.
- d) Certificación catastral.

4. Asumirá os gastos de derribo do actual edificio, así como o pago de todos os gastos necesarios para dotar á parcela do centro de saúde das infraestruturas necesarias, tales



como accesos rodados e peonís, abastecemento de auga, saneamento, subministración eléctrica, alumeados, telefonía, aparcamento, etc. A parcela ou ben os espazos urbanizados anexos deberán dispoñer de polo menos 2 prazas de aparcamento sinaladas para o uso exclusivo dos/as profesionais que realizan atención domiciliar, que poderán incrementarse ata un 10% dos/as profesionais que realicen a dita función. Estas infraestruturas deberán estar realizadas á entrada en funcionamento do centro de saúde.

5. Deberá realizar un estudo de mobilidade no entorno da parcela actualmente ocupada polo edificio da Comandancia da Mariña, co fin de ordenar a circulación rodada e peonil e as actividades permitidas na contorna ás necesidades requiridas para a necesaria circulación do transporte derivado do uso sanitario desta localización, como a correcta circulación de ambulancias e de usuarios do centro de saúde.

6. O Concello aprobou na ordenanza fiscal a exención do pagamento do imposto sobre bens inmobles a favor dos centros sanitarios de titularidade da Comunidade Autónoma de Galicia ou do Servizo Galego de Saúde, de conformidade co previsto no artigo 62.3 do Real decreto legislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, así como de calquera tipo de taxas e prezos públicos que non se correspondan con servizos que se prestan de xeito continuado.

7. O concello aprobou a Ordenanza fiscal reguladora do Imposto sobre construcións, instalacións e obras, unha bonificación do 95% de acordo co disposto no artigo 103 do RDL 2/2004, reguladora das facendas locais, concretamente apartado 2.a) cando recolle a posibilidade de establecer bonificacións de ata o 95% "a favor das construcións, instalacións ou obras que sexan declaradas de especial interese ou utilidade municipal por concorrer circunstancias sociais, culturais, histórico artísticas ou de fomento de emprego que xustifiquen tal declaración. Corresponderá a dita declaración ao Pleno da Corporación e se acordará, previa solicitude do suxeito pasivo, por voto favorable da maioría simple de seus membros".

Terceira. Obrigas do Servizo Galego de Saúde

1. O Servizo Galego de Saúde comprométese á elaboración, e de ser o caso, á supervisión e á aprobación do proxecto técnico, así como a contratar, dirixir e executar as obras de construción do centro de saúde, con cargo aos seus orzamentos. Para tal fin, a Corporación deberá facilitarlle ao dito organismo toda a documentación que sexa necesaria para a redacción do proxecto de obras (planos topográficos, información urbanística, características das infraestruturas existentes, así como o proxecto de urbanización), incluídas as licencias e demais permisos urbanísticos ou de obras que sexan necesarios.

Na proxecto e construción do Centro de Saúde, comprométese a incorporar o mural que actualmente está na parcela, sempre que sexa tecnicamente posible e economicamente





viable.

2. O Servizo Galego de Saúde farase cargo do pago das taxas de licenzas e imposto sobre construcións, instalacións e obras. Non obstante, o Concello aprobou a modificación d Ordenanza fiscal reguladora do Imposto sobre construcións, instalacións e obras, tal e como se recolle no punto 7 dos compromisos do Concello de Vilagarcía de Arousa.

3. O Servizo Galego de Saúde aceptará a utilización e a cesión gratuíta da parcela citada. O artigo 101.2 da Lei 8/2008, do 10 de xullo, de saúde de Galicia dispón que o Servizo Galego de Saúde poderá adquirir por si mesmo bens inmobles e dereitos a título gratuíta logo da autorización do Consello da Xunta.

Cuarta. Comisión de seguimento

Coa finalidade de asegurar o bo fin e cumprimento do obxecto deste convenio, constituirase unha comisión de seguimento á que corresponderán as seguintes funcións:

- a) Impulsar e avaliar o cumprimento do presente convenio, propoñendo as actuacións que se consideren precisas para tal fin.
- b) Interpretar en caso de dúbida o contido do mesmo.
- c) Propoñer ás partes a resolución das posibles controversias que puideran xurdir na súa aplicación.

A comisión estará formada por dúas persoas representantes de cada unha das partes nomeadas polos/as seus/súas máximos/as responsables, e se reunirá por solicitude dunha das partes asinantes, considerándose constituída se asiste polo menos unha das persoas representantes de cada entidade.

O voto de calidade para a adopción de acordos será do Servizo Galego de Saúde.


Quinta. Causas de resolución

Serán causas de resolución do presente convenio, ademais das previstas legalmente no artigo 51 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, o incumprimento total ou parcial dalgunha das súas cláusulas, que dará lugar á a indemnización dos danos e perdas causados.

Sexta. Réxime xurídico

O presente convenio de colaboración ten carácter administrativo, sendo de aplicación o disposto na Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público.

De conformidade co disposto no artigo 6.1 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as directivas do



Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro, o presente convenio está excluído da súa aplicación. Non obstante, consonte o artigo 4 da dita Lei, este convenio rexerá polas súas normas especiais, aplicándose os principios desta lei para resolver as dúbidas e lagoas que puideran presentarse.

Sétima. Resolución de conflitos e xurisdición competente

As partes asinantes do presente convenio comprométese a resolver de maneira amigable calquera desacordo que poida xurdir no desenvolvemento do mesmo. De non chegarse a acordo, as cuestións obxecto de diverxencia serán tratadas na comisión de seguimento, quedando as partes que o subscriben suxeitas á xurisdición contencioso-administrativa para a resolución de calquera conflito que puidese xurdir na aplicación deste convenio.

Oitava. Vixencia


O presente convenio entrará en vigor o día da súa sinatura e terá unha vixencia de catro anos, podendo ser prorrogado por mutuo acordo das partes asinantes antes da data da súa finalización, ata a consecución do seu obxectivo, sen que en ningún momento o período de vixencia poda superar o límite de oito anos establecido no artigo 49 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, incluída a súa prórroga.


Non obstante o anterior, a eficacia deste convenio quedará condicionada á autorización da cesión polo Consello da Xunta de Galicia, consonte ao sinalado no número 1 da cláusula terceira.

Novena. Publicidade


A sinatura deste convenio leva implícito o consentimento expreso das persoas intervinientes para que a Administración pública autonómica galega poda facer públicos os datos de carácter persoal que figuren nel, de acordo co disposto na Lei 19/2013, do 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno, e na Lei galega 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno.

En proba de conformidade con canto antecede, asinan o presente convenio, por duplicado exemplar, no lugar e data sinalados no encabezamento.


Polo Servizo Galego de Saúde
Julio García Comesaña



Polo Concello de Vilagarcía de Arousa


Alberto Varela Paz

